



Fotografía de Fernando Barbeyto Nistal

Hoxe comezo a albiscar que o soño é a idea subliminar que teño de min mesma. Convivo con esta dualidade sen opor resistencia, convencida de que se o logro rescatar poderei mellorar a vida. Mais debo coidarme de non tropezar coas dobras do camiño, porque aínda que semellen nimias, conseguirán declinar os pasos cara á resignación, o lugar máis achegado á derrota.

Pese ao meu empeño, o mérito das palabras é escaso para sobrevivir neste mundo de estulticia e, aínda que sirvan para aliviar a conciencia, non debo ignorar a realidade; é a proba irrefutábel da existencia.

Por moito que quixera ser tan adorábel e perfecta como eu soño, e fabrique cada día unha imaxe á medida, o tempo comeza a impacientarse e require o que é seu; a materia percedoira deste corpo minguado polas circunstancias da vida terreal.

Non podo fuxir do seu control. Presinto que estou moi preto da separación definitiva e temo que tampouco encontre acougo na outra beira.

Arribarei á area

coa única certeza que me queda:

se non podo elixir a onda,

elixirei a escuma.

Os individuos pasan, os soños permanecen.